



**A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CONCEDE SUBVENCIÓN AO
CONCELLO DE CATOIRA E ASINA CONVENIO DE COLABORACIÓN**

A Deputación Provincial de Pontevedra ven de aprobar, con cargo á “Convocatoria de Subvencións para Investimentos en Equipamentos e Dotacións Singulares na mellora do Reequilibrio Territorial dos Servizos en Concellos de menos de 20.000 habitantes”, unha subvención ao Concello de Catoira por importe de 386.958,00 €, para a obra “Equipamento do Centro de Activación Cultural Torres de Oeste”.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na sesión celebrada o día 21 de decembro de 2017, acordou a aprobación do “Convenio de Colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Catoira” para a execución do citado proxecto, que ten un orzamento de 483.697,50 €.

O Concello procederá, en breve, a tramitar o expediente de contratación da citada obra, e o abono da subvención farase tendo en conta as certificacións que se vaian aprobando da mesma.

Catoira, 5 de febreiro de 2018.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo. Alberto García García

